CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
23 SEP. 2024 19:26:17
Entrada 41270

Pregunta sobre o incremento de prazas no Eixo Atlántico

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado

Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do estabelecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á falta de prazas nos servizos ferroviarios A Coruña-Santiago e noutras conexións.**

Os datos oficiais e as reclamacións das persoas usuarias poñen de manifesto, desde fai anos, a falta de prazas nos distintos servizos do Eixo Atlántico - Avant, Alvia e MD-. Un déficit que o BNG ten reclamado que sexa corrixido reiteradamente ante o Ministerio de Transportes, demandando en distintas iniciativas que se corrixa a actual falta de adecuación da oferta dos servizos ferroviarios na Galiza á elevada demanda, especialmente nos días e horarios con máis presenza de viaxeiros.

Así mesmo, é preciso corrixir o actual sistema de venda de billetes de Renfe que unicamente permite comprar a un mes vista e que impide aos usuarios e usuarias facer unha mínima planificación das súas viaxes, sexan ou non recorrentes, e sexan no interior da Galiza ou de longo percorrido. Unha deficiencia que, aínda que o Ministro ten sinalado que se ía mellorar, segue sen corrixirse.

Nos servizos ferroviarios operados en territorio galego, os usuarios e usuarias nin sequera poden contar con praza dunha semana para outra. Está a suceder cos servizos de primeira hora con saída da Coruña cara Santiago que están completos, so quedan as prazas H. Falamos do tren Avant das 7:00, do tren Alvia das 7:09, do MD das 8:00. E nalgúns días, como o luns 23 de setembro, nin sequera hai prazas no das 9:00 MD ou no das 7:45h Avant.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
23 SEP. 2024 19:26:17
Entrada 41270

Non é algo extraordinario, todo o contrario, parece ser a tónica habitual en todo o Eixo Atlántico nas distintas conexións, entre A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo e en ambas direccións.

Para o mes de setembro o Ministerio anunciou a decisión de habilitar trens en dobre composición no "picos de demanda" máis, como queda patente, todos os días son días de alta ocupación. Polo tanto, é preciso ir máis alá de remendos ou solucións temporais porque o problema é recorrente e continuado na maioría dos servizos.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Como se explica que os usuarios e usuarias do tren na Galiza non logren mercar billetes nos servizos ferroviarios usuais da Coruña a Santiago de primeira hora da mañá: Avant das 7:00h, Alvia das 7:0h, MD das 8:00h dunha semana para outra?

2. Por que non se habilitan prazas suficientes nestes servizos e tamén noutros como o das 9:00h MD ou no das 7:45h Avant?

3. Non cre o Ministerio que os datos de ocupación e de falta de prazas demostran a necesidade de reforzar os servizos das distintas conexións ferroviarias, especialmente no Eixo Atlántico e nas franxas horarias con máis persoas usuarias como son as de primeira hora da mañá?

4. Está disposto o Ministerio a abordar por fin a necesidade de aumentar as prazas e as frecuencias dos servizos ferroviarios do Eixo Atlántico nas franxas de primeira hora da mañá, do mediodía e do serán?

5. É posíbel que a medida de trens en dobre composición en picos de demanda se estanda a outros trens que adoecen de falta de prazas como entre A Coruña e Santiago, entre Santiago e Vigo, Santiago e Pontevedra e A Coruña e Lugo?

23 SEP. 2024 19:26:17 Entrada: 41270

6. Introduciu Renfe melloras no sistema de venda de billetes? De ser así, por que non se poden adquirir billetes máis alá do mes de outubro?

7. Vai facer posíbel que os viaxeiros e viaxeiras poidan mercar os billetes con tres meses de antelación a fin de poder planificarse adecuadamente?

Madrid, a 23 de setembro de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso

23 SEP. 2024 19:26:17 Entrada: 41270

A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la falta de plazas en los servicios ferroviarios A Coruña-Santiago y en otras conexiones**.

Los datos oficiales y las reclamaciones de las personas usuarias ponen de manifiesto, desde hace años, la falta de plazas en los distintos servicios del Eixo Atlántico -Avant, Alvia y MD-. Un déficit que el BNG ha reclamado que sea corregido reiteradamente ante el Ministerio de Transportes, demandando en distintas iniciativas que se corrija la actual falta de adecuación de la oferta de los servicios ferroviarios en Galiza a la elevada demanda, especialmente en los días y horarios con más presencia de viajeros.

Asimismo, es preciso corregir el actual sistema de venta de billetes de Renfe que únicamente permite comprar a un mes vista y que impide a los usuarios y usuarias hacer una mínima planificación de sus viajes, sean o no recurrentes, y sean en el interior de Galiza o de largo recorrido. Una deficiencia que, aunque el Ministro ha señalado que se iba a mejorar, sigue sin corregirse.

En los servicios ferroviarios operados en territorio gallego, los usuarios y usuarias ni siquiera pueden contar con plaza de una semana para otra. Está sucediendo con los servicios de primera hora con salida de A Coruña hacia Santiago que están completos, solo quedan las plazas H. Hablamos del tren Avant de las 7:00, del tren Alvia de las 7:09, del MD de las 8:00. Y en algunos días, como el lunes 23 de septiembre, ni siquiera hay plazas en el de las 9:00 MD o en el de las 7:45h Avant.

23 SEP. 2024 19:26:17 Entrada: 41270

No es algo extraordinario, todo lo contrario, parece ser la tónica habitual en todo el Eixo Atlántico en las distintas conexiones, entre A Coruña, Santiago, Pontevedra y Vigo y en ambas direcciones.

Para el mes de septiembre el Ministerio anunció la decisión de habilitar trenes en doble composición en el "picos de demanda" pero, como queda patente, todos los días son días de alta ocupación. Por lo tanto, es preciso ir más allá de parches o soluciones temporales porque el problema es recurrente y continuado en la mayoría de los servicios.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Cómo se explica que los usuarios y usuarias del tren en la Galicia no logren comprar billetes en los servicios ferroviarios usuales de A Coruña a Santiago de primera hora de la mañana: Avant de las 7:00h, Alvia de las 7:0h, MD de las 8:00h de una semana para otra?

2. ¿Por qué no se habilitan plazas suficientes en estos servicios y también en otros cómo lo de las 9:00h MD o en el de las 7:45h Avant?

3. ¿No cree el Ministerio que los datos de ocupación y de falta de plazas demuestran la necesidad de reforzar los servicios de las distintas conexiones ferroviarias, especialmente en el Eixo Atlántico y en las franjas horarias con más personas usuarias como son las de primera hora de la mañana?

4. ¿Está dispuesto el Ministerio a abordar por fin la necesidad de aumentar las plazas y las frecuencias de los servicios ferroviarios del Eje Atlántico en las franjas de primera hora de la mañana, del mediodía y del serán?

5. ¿Es posible que la medida de trenes en doble composición en picos de demanda se extienda a otros trenes que adolecen de falta de plazas

23 SEP. 2024 19:26:17 Entrada: 41270

como entre A Coruña y Santiago, entre Santiago y Vigo, Santiago y Pontevedra y A Coruña y Lugo?

6. ¿Ha introducido Renfe mejoras en el sistema de venta de billetes? De ser así, ¿por qué no se pueden adquirir billetes más allá del mes de octubre?

7. ¿Va a hacer posible que los viajeros y viajeras puedan comprar los billetes con tres meses de antelación a fin de poder planificarse adecuadamente?

Madrid, a 23 de septiembre de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso

23 SEP. 2024 19:26:17 Entrada: 41270